




CONCELLO DE CERDEDO COTOBADÉ

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A ORDENACIÓN DA ZONA VERDE EL/ZV-30



BORRADOR E DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Documento ambiental estratéxico

xaneiro 2021

oau

OFICINA DE ARQUITECTURA URBANISMO Y PLANIFICACIÓN SLP

ÍNDICE

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉGICO	4
0.- INTRODUCCIÓN	4
0.1.- Obxecto.....	4
0.2.- Axentes	4
1.- OBXECTIVOS DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS	5
2.- ALCANCE E CONTIDO DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS.....	5
2.1.- Antecedentes.....	5
2.1.1.- Situación do PXOM	5
2.1.2.- Situación normativa	6
2.1.3.- Necesidades municipais.....	8
2.2.- Obxectivos e alcance	9
2.3.- Contido do PEID	10
3.- PROPOSTA DE ALTERNATIVAS (RAZOABLES, TÉCNICA Y AMBIENTALMENTE VIABLES). 10	
4.- DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PEID	12
5.- CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO AMBIENTE ANTES DO	
DESENVOLVEMENTO DO PEID.....	13
5.1.- Medio físico	13
5.1.1.- Situación.....	13
5.1.2.- Orografía	14
5.1.3.- Clima.....	16
5.1.4.- Hidroloxía	16
5.1.5.- Xeoloxía	18
5.1.6.- Flora.....	19
5.1.7.- Fauna.....	20
5.1.8.- Espazos protexidos e de interese medioambiental.....	21
5.1.9.- A paisaxe	25
5.2.- Medio socioeconómico.....	35
5.2.1.- Poboamento comarcal	35
5.2.2.- Demografía.....	36
5.2.3.- Actividades económicas.....	40
5.3.- Medio construído	40
5.3.1.- Vivenda.....	40
5.3.2.- Mobilidade.....	43
5.3.3.- Abastecemento e saneamento.....	45
5.3.4.- Equipamentos.....	46
6.- EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES	51
6.1.- Consumo de auga	51
6.2.- Vertidos	52
6.3.- Residuos sólidos urbanos	52
6.4.- Contaminación lumínica	53
6.5.- Abastecemento de electricidade	53
6.6.- Contaminación atmosférica polo aumento do tráfico.....	53
6.7.- Aumento dos niveis sonoros ambientais por aumento do tráfico	53

7.- EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OUTROS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS	
RELACIONADOS	53
7.1.- PXOM de Cerdedo	53
7.2.- Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, DOT	53
8.- MOTIVO DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL	
SIMPLIFICADO	54
9.- RESUMO DOS MOTIVOS DA SELECCIÓN DAS ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS	54
10.- MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVER, REDUCIR E CORRIXIR CALQUERA EFECTO	
NEGATIVO RELEVANTE NO MEDIO AMBIENTE DERIVADO DA APLICACIÓN DO PEID.....	55
10.1.- Impactos previstos.....	55
10.1.1.- <i>Impactos derivados das obras</i>	56
10.1.2.- <i>Impactos derivados do deseño arquitectónico</i>	56
10.1.3.- <i>Impactos na rede de infraestruturas:</i>	56
10.2.- Medidas previstas.....	56
10.2.1.- <i>Medidas dispostas para os impactos derivados das obras</i>	56
10.2.2.- <i>Medidas dispostas para os impactos derivados do deseño arquitectónico</i>	56
10.2.3.- <i>Medidas dispostas para os impactos na rede de infraestruturas</i>	57
11.- DESCRICIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO DO PLAN	57

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉGICO

0.- INTRODUCCIÓN

0.1.- Obxecto

O obxecto do presente documento é a redacción dun plan especial de infraestruturas e dotacións coa finalidade de ordenar o sistema de espazos libres públicos denominado EL-ZV-30 no PXOM de Cerdedo, que permite iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada para a emisión do informe ambiental estratéxico, descrito nos artigos 29 a 32 da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

0.2.- Axentes

- Promotor

O promotor do presente plan é o Concello de Cerdedo-Cotobade.

- Equipo redactor

O plan foi encomendado a: OAU Oficina de Arquitectura, Urbanismo y Planificación SLP.

Nombre	OAU Oficina de Arquitectura, Urbanismo y Planificación SLP (Sociedad Colegiada Nº 20135)
CIF	B-15772478
Dirección	C/Alcalde Lorenzo nº14 Portal 1, 2ºD – 15220 - Bertamiráns, Ames (A Coruña)
Teléfono	(+34) 981 883 220
Fax	(+34) 981 883 220
Email	oau-arquitectura@oau-arquitectura.com

Os redactores do presente documento son:

- D. Juan Antonio Caridad Graña, arquitecto colegiado 2.170
- D. Isidro López Yáñez, arquitecto colegiado 2.261

1.- OBXECTIVOS DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS

O plan especial de dotacións do EL-ZV-30 está enmarcado dentro do desenvolvemento das actuacións previstas polo plan xeral de ordenación municipal, sendo necesaria a súa redacción coa finalidade de concretar as actuacións a levar a cabo, co máximo respecto ó medio natural e á paisaxe, desenvolvendo ademais unha secuencia de execución temporal lóxica e viable.

Segundo o indicado no artigo 85 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, a aprobación do plan xeral implica a declaración de utilidade pública para as actuacións nel contempladas.

O desenvolvemento deste plan especial, aínda que non contemplado no PXOM, supón facer viable a execución dunha das actuacións contempladas no mencionado documento, motivo polo cal o seu desenvolvemento leva implícito o interese público.

2.- ALCANCE E CONTIDO DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS

Desenvólvese o presente documento en conformidade co exposto nos artigos 29, 30,31 e 32 da Lei 21/2013, do 9 de decembro de avaliación ambiental.

2.1.- Antecedentes

2.1.1- Situación do PXOM

O obxecto do presente documento é a redacción dun plan especial de infraestruturas e dotacións coa finalidade de ordenar o sistema de espazos libres públicos denominado EL-ZV-30 no PXOM de Cerdedo.

Este PXOM delimitou, no seu día, unha zona, o EL/ZV-30, coa finalidade de dar cumprimento ó estándar fixado pola Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

No documento de Estratexia de Actuación e Estudo Económico do PXOM indícase a seguinte actuación:

Actuación: Obtención, desenvolvemento e acondicionamento da zona verde EL/ZV-30 cunha superficie de 69.389,38 m².

Situación: Solo rústico.

Prazo: 4 anos.

Sistema de xestión: Expropiación

Presuposto da actuación a cargo da administración:

Valor da expropiación: $69.389,38 \text{ m}^2 \times 2 \text{ €/m}^2 = 138.778,76 \text{ €}$

Presuposto total da actuación: 138.778,76 €

Previsión de financiamento: Anualidade 2016/2017.

A fragilidade medioambiental (linda coa ZEC Serra do Cando) e paisaxística (atópase a pouca distancia da AEIP Serrado do Cando) , así como a dificultade de financiamento dunha actuación de tamaño considerable fixeron que esta actuación prevista polo PXOM se fose retrasando, de xeito que se foron incumprindo sistematicamente os prazos previstos inicialmente.

Por outra banda, a indefinición no deseño do ámbito no PXOM é manifesta, pois non existe ningunha referencia de actuación no PXOM, máis alá dos usos contemplados de xeito xenérico para os espazos libres e zonas verdes na súa normativa.

Estas cuestións poñen de manifesto a necesidade dun documento que facilite a xestión, concrete os usos e prevea as medidas axeitadas de integración paisaxística e medioambiental, todo isto contemplado nunha sucesión temporal axeitada ás previsións de financiamento do Concello.

2.1.2.- Situación normativa

Como xa se indicaba no apartado anterior a definición da actuación no PXOM é inexistente, debendo referirse unicamente ás disposicións normativas que o planeamento recolle en referencia co sistema de espazos libres e zonas verdes de dominio e uso público.

Art. 55. SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE DOMINIO E USO PÚBLICO

O sistema xeral de espazos libres e zonas verdes comprende os espazos con dito destino situados nas diferentes categorías do solo cando fosen de extensión igual ou superior a 5.000 m². ou se inscriba neles un círculo de diámetro maior de 30 m. Nos demais casos concibiranse como xardíns para xogo de nenos, recreo dos cidadáns e para mellora do ornato público, soleamento e expansión dos núcleos.

A cuantificación superficial do Sistema de Parques e Xardíns públicos e sistema de actuación, establecece nas fichas correspondentes recollidas na Memoria Xustificativa do presente Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Nos planos de ordenación defínense os espazos libres de uso e dominio público, aos que haberá que engadir os resultantes do desenvolvemento dos polígonos de execución integral, plans especiais, plans parciais e plans de sectorización.

CONDICIÓN DE USO

As instalacións compatibles dentro destas zonas serán as seguintes:

- *Xogos infantís formados por elementos de mobiliario e áreas de area*
- *Xogos ao aire libre e áreas de deporte non regrado.*
- *Áreas de plantación e axardinamento.*
- *Illas de estancia, lugares acondicionados para o repouso e recreo pasivo.*
- *Quioscos de música.*
- *Postos de revistas, paxaros, flores, etc.*
- *Servizos hixiénicos públicos.*
- *Pequenas construcións dedicadas á venda de bebidas, bocadillos, etc.*

- *Edificacións de carácter desmontable que non superen a superficie de 200 m². e destinadas a cafetería ou restaurante, sempre que a súa titularidade sexa pública.*
- *Poderase autorizar o uso do subsolo para garaxe-aparcadoiro, sempre de carácter público e que o mesmo non menoscabe o uso deste sistema.*

As edificacións que se constrúan nestas áreas terán, sumadas todas, unha ocupación máxima do 5% da superficie do parque, cun máximo non superable de 200 m². A altura máxima destas será de 4,5 m.

Prohíbense as construcións, edificacións ou instalacións recollidas no presente apartado que afecten aos ámbitos de espazos libres e zonas verdes de uso e dominio público situadas nos ámbitos de protección do patrimonio arqueolóxico ou cultural, coa excepción de aquelas, exclusivamente, que teñan por obxecto a posta en valor dos restos ou dos bens.

Tal e como se pode apreciar, a normativa, máis alá dunhas pequenas referencias de superficie, define uns usos moi xenéricos que poderán ter ou non encaixe no contorno da actuación.


Considérase necesario levar a cabo unha concreción dos usos en función das necesidades do Concello e da poboación residente, tanto no núcleo de Cerdedo como no seu contorno, xa que a actuación, polo seu tamaño, será un centro de atracción de actividades de ocio para a totalidade do termo municipal.

Por outra banda, tal e como se avanzou na memoria informativa, o ámbito atópase clasificado a día de hoxe como solo rústico de protección de espazos naturais, solo rústico de protección das augas, solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de infraestruturas. Os usos que se vaian a levar a cabo terán que se compatibles cos contemplados na vixente LSG e no seu regulamento en solo rústico.

Ó respecto da clasificación do solo descrita compre indicar que o solo rústico de protección de espazos naturais é moito máis amplo que o que lle correspondería por aplicación da LSG, posto que ocupa unha superficie moito maior que a delimitación da ZEC Serra do Cando.

A zona delimitada polo PXOM dentro deste espazo está constituída pola vexetación de ribeira que é a que oficialmente se recolle dentro do ZEC xunto cunha serie de parcelas adicadas a forraxe, totalmente transformadas nun proceso de concentración parcelaria, que o PXOM incluíu dentro do solo rústico de protección de espazos naturais sen unha xustificación aparente. Considérase que, aínda que a clasificación destas parcelas, a día de hoxe, é a de solo rústico de protección de espazos naturais, non existe ningún elemento de valor que limite os usos a executar dentro dos permitidos para o sistema de espazos libre e zonas verdes, máis alá da delimitación da ZEC Serra do Cando.

As outras dúas delimitacións de solo rústico, protección agropecuaria, de augas e de infraestruturas, non presentan moitas incoherencias con respecto ós valores obxecto de protección. Tampouco presentan especiais limitacións ó uso dos terreos como espazos libres para actividades recreativas, deportivas e de ocio.



2.1.3.- Necesidades municipais

O EL-ZV-30 conta cunha superficie de arredor de 70.000 m². Co seu tamaño, unha vez executada converterase nun centro tractor de actividades de ocio para toda a contorna.

Pero o desenvolvemento deste ámbito tan so terá éxito se resulta atractivo dende o punto de vista das actividades que nel se poidan levar a cabo.

A área de baño do río Castro existente ó outro lado da actuación é un enclave cunha importante afluencia de público nos meses de verán. Conta cun quiosco de venda de bebidas, praia fluvial formada pola represa do río Castro piscina e servizos varios.



Tal é a relevancia deste equipamento na contorna que se fai imprescindible a súa ampliación e a dotación de máis e mellores servizos.

Como principais elementos de complementación da área recreativa existente, para o ámbito do EL-ZV-30 plantéxanse os seguintes: ampliación da zona de baño, infraestruturas de ocio vinculadas ó deporte e aparcamento suficiente para os usuarios, tanto do actual equipamento como do novo desenvolvemento.

Por outra banda preténdese que o aproveitamento deste espazo libre non se vincule tan so á época estival, nin ó ámbito local de Cerdedo, motivo polo cal, dentro do amplo espazo delimitado preténdese a execución doutro de espazos vinculados ó ocio e ó disfrute da natureza ó aire libre que teñan proxección supramunicipal. Por exemplo algún tipo de espazo para a celebración de eventos, rutas de sendeirismo vinculadas con áreas naturais, etc.

2.2.- Obxectivos e alcance

Á vista das necesidades municipais plantéxanse os seguintes obxectivos para o desenvolvemento do EL-ZV-30:

- Mellora dos accesos e da relación da área co núcleo de Cerdedo e por extensión co resto do termo municipal a través das vías de comunicación que conflúen na capital municipal.

- Previsión de infraestruturas axeitadas, entre as que se inclúen servizos urbanísticos axeitados e aparcamentos.
- Ampliación da área de baño e de ocio existente.
- Creación de espazos para o deporte ó aire libre.
- Creación de espazos públicos naturalizados para o descanso a e práctica de hábitos saudables (sendas e bosques)
- Integración do arborado existente que presente especiais valores.
- Creación de espazos para actividades organizadas con asistencia de público.
- Creación de focos de atracción para viaxeiros de fóra do concello coa execución de áreas para autocaravanas.
- Respecto ós espazos naturais protexidos, tentando a súa conservación en estado natural pero integrándoos na ordenación.
- Mantemento en estado natural das zonas que máis alá dos espazos protexidos, presenten especiais valores medioambientais ou paisaxísticos.
- Integración pasaxística do conxunto no contorno procurando o mínimo impacto visual.

2.3.- Contido do PEID

O documento que se tramitará conterá a seguinte documentación:

- Unha memoria xustificativa da necesidade de acometer o plan especial de infraestruturas e dotacións, a descrición e xustificación da nova ordenación proposta e a cuantificación das novas superficies dotacionais.
- Planos de información urbanística, referentes á situación, contextualización, relación co planeamento vixente e estado actual en relación co estado dos terreos e as infraestruturas urbanísticas.
- Planos coa nova ordenación urbanística proposta.
- Normativa que regulará a implantación da dotación no solo rústico.
- Estudio económico e plan de etapas para a execución da dotación.

3.- PROPOSTA DE ALTERNATIVAS (RAZOABLES, TÉCNICA Y AMBIENTALMENTE VIABLES)

Preséntanse 3 alternativas viables:

Alternativa 0

Como primeira alternativa preséntase a de non levar a cabo o plan. Esta opción non se considera viable posto que suporía o incumprimento das determinacións do PXOM nas cales se impón a obriga de desenvolvemento desta actuación coa finalidade de dar cumprimento ó estándar de calidade de vida e cohesión social fixado na na lexislación vixente.

Alternativa 1



Como alternativa 1 propónse un plan especial cunha zonificación que teña en conta a estrutura parcelaria existente e, polo tanto a vexetación arbórea que en casos conforma peches e masas boscosas as cales definen a súa integración no contorno. Plantéxanse usos de repouso e estancia, con zona de baño, actividades deportivas, auditorio e lagoa naturalizada. Dáse prioridade á estrutura orixinaria contra os usos plantexados. Plantéxanse dous accesos, un ó leste e outro ó oeste e a partir de aquí distribúese a actuación. Plantéxase un aparcamento fraccionado.

Os elementos que definen esta alternativa son os seguintes:

- Previsións de dous accesos, un a partir do vial municipal e outro a partir da estrada provincial.
- Implementación de dúas zonas de aparcamento con diferentes vinculacións.
- Fragmentación da actuación en pequenas pezas.
- Previsión dunha área de baño.
- Previsión dunha pequena zona de actividades deportivas.
- Previsión dun pequeno auditorio.
- Previsión dunha lagoa artificializada.
- Mantemento do estado natural do ámbito restante.
- Respecto pola estrutura parcelaria.
- Respecto polo arboredo existente.

Alternativa 2



Como alternativa 2 propone un desenvolvemento da actuación centrada máis nas actividades deportivas non regradas ó aire libre, concentrando as actuacións e tentando manter unha maior proporción de terreo en estado natural. Plantéxanse zonas de aparcamento, estancia e repouso, zona de baño, actividades deportivas e pequeno auditorio. Plantéxanse dous accesos, un ó leste e outro ó oeste e a partir de aquí distribúese a actuación. Plantéxase un único aparcamento.

Os elementos que definen esta alternativa son os seguintes:

- Previsións de dous accesos, un a partir do vial municipal e outro a partir da estrada provincial.
- Conexión entre os dous accesos a través dun viario rodado para mellorar a accesibilidade ó ámbito.
- Implementación dunha única zona de aparcamento vinculada ó vial interior..
- Concentración das actuacións.
- Previsión dunha área de baño.
- Previsión dunha zona para actividades deportivas ó aire libre de ámbito municipal ou supramunicipal.
- Previsión dun pequeno auditorio.
- Previsión de percorridos ciclistas BTT.
- Mantemento da maior parte do ámbito en estado natural.
- Prevalencia das actuacións previstas sobre a estrutura parcelaria existente, buscando unha actuación máis unitaria

4.- DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PEID

O resultado final do procedemento que se plantexa será a execución dunha dotación de espazo libre e zona verde na que se poidan levar a cabo actividades deportivas e de ocio co


máximo respecto ó medio natural co que linda e á integración da actuación no contorno e na paisaxe.

O desenvolvemento previsible do plan especial pasará polas seguintes fases:

- Aprobación do Plan Especial de infraestruturas e Dotacións para desenvolvemento da EL-ZV-30 do PXOM de Cerdedo-Cotobade.
- Execución por fases das actuacións programadas durante un período de dez anos.
- Posta en funcionamento de cada unha das fases conforme se vaian executando.

Todo isto segundo o seguinte programa de traballos:

	ANUALIDADE									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Área										
Aparcamiento 1		■	■							
Actividades deportivas		■	■	■						
Área de baño			■	■	■					
Viario					■	■				
Aparcamiento 2					■	■	■			
Auditorio						■	■	■		
Área recreativa				■	■					
Campa deportiva								■	■	■
Área da lagoa									■	■
Parque do bosque									■	■



■ Expropiación
■ Execución

5.- CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN DO MEDIO AMBIENTE ANTES DO DESENVOLVEMENTO DO PEID

5.1.- Medio físico

5.1.1.- Situación

O plan especial sitúase no municipio de Cerdedo-Cotobade, situado na zona oeste de Galicia, na provincia de Pontevedra. Atópase ao leste da capital de provincia (Pontevedra) e limita ao norte cos concellos de Forcarei e A Estrada, ao oeste con Campo Lameiro e Pontevedra, ao sur con Ponte Caldelas e ao leste coa Lama e Forcarei.

A unión de ambos os concellos (Cerdedo e Cotobade) presenta unha superficie de 214,52 km² e unha altitude media duns 400 metros sobre o nivel do mar.

O emprazamento onde se pretende executar o EL/ZV-30 sitúase ó sur do núcleo de Cerdedo a tan so 100 m do seu perímetro. Este asentamento atópase na zona central do que


antigamente correspondía ao municipio de Ceredo e, sendo a antiga capital deste, é un dos asentamentos que máis equipamentos dispón.


5.1.2.- Orografía

O municipio presenta un relevo accidentado, situado nunha zona de transición entre a Dorsal Galega e a Depresión Meridiana. O territorio municipal está composto por dúas unidades morfolóxicas: o val do río Lérez, que ocupa boa parte do municipio e serve de límite ao sector occidental; e as estribaciones das serras de Cando, Castelada, Monte Cabeiro e Coto de Curvo, onde se localizan as cotas máis elevadas do municipio. Estes montes serven, á súa vez, como divisores das augas entres as concas fluviais que desaguan na ría de Vigo (ríos Calvelle e Barbeira, afluentes de Verdugo), e as que o fan na de Pontevedra (Lérez e Almofrei).

O núcleo onde se enmarca a actuación (Ceredo) atópase na bacía do río Lérez, nun pequeno promontorio bordeado polos ríos Lérez e Castro.


O EL/ZV-30 sitúase na marxe contraria do río Castro, nunha chaira de aluvián conformada á súa vez polo ríos Castro e Seixo.





A cota máis elevada do núcleo de Cerdedo rolda os 400 m. Os ríos así como o sistema de espazos libres e zonas verdes sitúase en torno a 330 m.

As pendentes son moderadas na zona de actuación, ocupando unha chaira bordeada de zonas de pendente abrupta, sobre todo no encontro coa plataforma do núcleo de Cerdedo.



O río Lérez ó norte, discorre a través dunha bacía moito máis encaixada que o Castro ou o Seixo, que ocupan unha chaira agrícola.

5.1.3.- Clima

O clima do concello está condicionado polo relevo e a localización xeográfica do municipio, situado no sur de Galicia na comarca de Pontevedra.

En Cerdedo, o clima propio do lugar, oceánico, vese modificado pola altitude e disposición do relevo. Así as borrascas atlánticas penetran polo val do Lérez, dirixíndose as masas de aire húmido cara a zona montañosa, que actúa como pantalla pluviométrica, que explica o elevado volume de precipitacións, acadándose mais de 2.000mm anuais.

A situación meridional do concello fai que os veráns sexan secos. Rexístrase unha temperatura media anual de entre 13 y 14°C (Carballeira et col. 1983), dato que cambia segundo as zonas baixas o altas.


5.1.4.- Hidroloxía

O concello caracterízase por atoparse principalmente dentro da gran cunca do Río Lérez que inclúe case a totalidade da extensión do territorio agás una zona no surleste que pertence a cunca do río Verdugo.

Ademais de estes dous ríos principais Cerdedo-Cotobade atópase dividido por abundantes subcuncas dos ríos menores que existen no concello como son as do rego de Veiga Grande, Regueiro dos Frois, Rego da Freixa, Rego dos Cabaleiros, Río das Cervas no norte; do río Ribeira de Rocha e río Tenorio no oeste; do río do Seixo río Castro, río Barbeira e río Calvella no Leste; e a subcunca maior do río Almofrei o que ocupa una grande extensión no centro do concello.

As serras do Cando, Castelada, Monte Cabeiro e coto do Corvo actúan de divisoria de augas entre as concas fluviais que desaugan na ría de Vigo (ríos Calvelle e Barbeira, afluentes do Verdugo), e os que o fan na de Pontevedra (Lérez e Almofrei).

En canto a hidroloxía subterránea, as posibilidades da súa existencia son más ben escasas debido a natureza e falta de porosidade dos materiais. Así a hidroxeoloxía do concello non é significativa e apenas existen acuíferos importantes



Como xa se avanzou anteriormente o ámbito de actuación atópase bordeado por dous dos principais ríos do Concello, o Seixo e o Castro e moi próximo á desembocadura destes no río Lérez.



5.1.5.- Xeoloxía

Dende o punto de vista xeolóxico o concello de Cerdedo-Cotobade atópase entre varias unidades litolóxicas.

A zona norte e leste do concello pertence a chamada alienación a caliza Salvaterra, Cerdedo. Macizo de Domaio.


O granito de Ala de Mosca domina no surleste. Chamado así por ser un granito de feldepató alcalino con grandes biotitas. Estes granitos ten sufrido maiores procesos de metamorfismo e deformacións que os pre-hercínicos é son de dúas micas.

Existe unha importante franxa central que percorre o concello de norte a sur de ortogneis glandular de dúas micas. É un afloramento en retazos moi reducidos. É unha rocha granítica prehercínica de marcado aspecto gneísitico. Os contactos con os metasedimentos que os acompañan non son moi nítidos, pero cos granitos de dúas micas acontece o contrario.

A formación anterior vese acompañada o leste por xistos grafitosos (filitas, ampelitas e liditas). Son de dúas micas co gran relativamente grosso. Os contactos cos granitos que os rodean son de carácter moi difuso.

Existen distintos afloramentos de depósitos aluviais. Destacar dous: un no noroeste asociada o río Lérez e outro no centro do concello. Estes terreos cuaternarios constitúen unha pouco potente formación. Apoiase sobre substrato granítico no caso do Río Lérez o seu paso polo concello. Nesta franxa aparece como un depósito aluvio-coluvial residual recente que ocupa o fondo do vale e a falda baixa das ladeiras derredor. A súa potencia en xeral é menor a 3m e constitúe unha formación residual en proceso de alteración e degradación do substrato sobre o que se apoia.

Tamén existen asomos dispersos de baixa importancia entre do Complexo Cabo d'home-A Lanzada entre os citados anteriormente. Esta formación metasedimentaria da idade precámbrica superior-silúrico é bastante diversa na súa litoloxía e ten sido intruída en sucesivas etapas por rochas ígneas de natureza ácida, acompañadas por cortexos filonianos diversos. Os litotipos mellor representados son os micaesquistos e as areniscas o cuarcitas.



5.1.6.- Flora

A comarca de Pontevedra presenta fortes contrastes de clima, relevo e, polo tanto, vexetación. O río Lérez actúa como barreira e camiño na migración das plantas.

A presenza de vexetación atípica, mediterránea (xarais, sobreiras, aciñeiras), nunha rexión como Galicia, de marcado carácter atlántico, reafirma o interese da conservación destes peculiares ecosistemas.

A vexetación de alta montaña, con gran número de endemismos, e a presenza de relictos de vexetación de épocas pasadas (como o teixedal) aumenta o interese científico desta zona.

Dende o punto de vista corolóxico ou fitoxeolóxico, a maior parte do territorio (>90%) pertence á rexión Mediterránea. No territorio desta, quedan algúns taxóns eurosiberianos refuxiados nos altos de Pena Trevinca. Son taxóns de marcado carácter residual, reflexo de épocas de clima máis frío e húmido.

Outro lugar de refuxio desta flora son os encaixados e sombríos vales orientados cara ao norte, onde crecen abaleiras con freixo, salgueiro e olmo de montaña, e na cabeceira do río San Xil, o coñecido teixedal.

5.1.7.- Fauna

Non existen estudos nin catálogos faunísticos rigorosos sobre a fauna do Concello de Cerdedo-Cotobade. En xeral, poderíase dicir que é a típica do centro de Galicia, aínda que as especies mais comúns están abondo diminuídas pola presión cinexética e pola antropización do corredor do río Lérez.

A continuación cítanse algunhas das especies que pertencen a distintos grupos mencionados en diversos estudos consultados.

PEIXES

- *Salmo trutta trutta* (reu)
- *Salmo trutta fario* (troita)
- *Chondrostoma polylepis* (boga)
- *Anguilla anguilla* (anguila)

ANFIBIOS E REPTÍS

- *Triturus boscai* (tritón)
- *Salamandra salamandra* (salamandra)
- *Bufo bufo* (sapo comun)
- *Lacerta schreiberi* (lagartixa)
- *Natrix natrix* (cobra de collar)
- *Viperina seoani* (vibora de seoane)

MAMÍFEROS

- *Erinaceus europaeus* (ourizo)
- *Talca occidentalis* (toupa)
- *Ripistrellus pipistrellus* (mórcego comun)
- *Oryctolagus cuniculus* (coello)
- *Sciurus vulgaris* (esquío)
- *Arvicola japidus* (pouca de auga)
- *Rattus norvegicus* (pouca comun)
- *Rattus rattus* (pouca cenicienta)
- *Apodemus sylvaticus* (rato de campo)
- *Mus musculus* (rato caseiro)
- *Vulpes vulpes* (raposo)
- *Lutra lutra* (lontra)
- *Sus scrofa* (xabaril)

AVES

- *Buteo buteo* (ratoeiro)
- *Tyto alba* (coruxa)
- *Cinclus cinclus* (melro)


- Erithacus rubecula (petirrojo)
- Passer domesticus (gorrión)
- Pyrrula pyrrula (reiseñor)

5.1.8.- Espazos protexidos e de interese medioambiental

O Decreto 72/2004, de 12 de abril, declara como zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) os lugares de importancia comunitaria (LICs) que forman parte da Rede Europea Natura 2000, as zonas de especial protección para as aves (ZEPAS), e establece a denominación e a superficie de cada unha de elas, así como os concellos onde se sitúan.

Os lugares que forman parte da Rede Natura 2000, son representativos de certo número de tipos de hábitats naturais e de ámbitos onde viven especies vulnerables, que son identificados, designados e protexidos polos Estados membros.

No concello de Cerdedo-Cotobade existen dúas áreas dentro destas figuras de protección: parte do percorrido de Río Lérez e parte da Serra do Cando.



O Río Lérez é unha zona denominada ZEPVN (Zona de Especial Protección dos Valores Naturais) e LIC que se atopa no límite norte do concello. O código LIC é ES 1140002. Parte do tramo baixo do Río Lérez transcorre polo concello de Cerdedo-Cotobade. Este tramo presenta un percorrido sinuoso e escasa pendente, discurrido sobre un sustrato petrolóxico

principalmente granito e, nalgúns casos gneis granular. Incorporánselle pequenos afluentes como o río Almofrei e regatos como o de Tenorio. O período de maior caudal va de decembro a marzo con máximos en febreiro e mínimos en setembro. Nel atópanse catro hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE).

- Brezais secos europeos
- Brezais oromediterráneos endémicos con toxo
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

No relativo a flora e a vexetación o interese principal radica nos tramos ben conservados de bosque-galería ou ameneiral ribeirego (asociación *Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae*), dominado polo ameneiro, *Alnus glutinosa*, e acompañado de salgueiros (*Salix spp.*), abeleiras (*Corylus avellana*), carballos (*Quercus spp.*), freixos (*Fraxinus angustifolia*), e sanguíños (*Frangula alnus*) entre outras especies arbóreas. O cortexo arbustivo e herbáceo é excepcionalmente rico neste tipo de bosque, e inclúe diversas especies de fieitos, como *Osmunda regalis*. Estes arboredos cobren un 22% do LIC.

Respecto a fauna que alberga este LIC existen numerosas especies de invertebrados asociados ao río e ao bosque de ribeira, entre as que se contan algunhas recollidas no anexo II da Directiva Hábitats, como o caracol (*Elona quimperiana*), os odonatos (*Coenagrion mercuriale* e *Oxigastrea curtisii*), a vacaloura (*Lucanus cervus*), e o cerambícido (*Cerambyx cerdo*). A fauna ictiolóxica constitúe un dos maiores valores naturais da área, e inclúe unha serie de taxons endémicos e ameazados, como o salmón (*Salmo salar*), que mantén unha poboación reducida, a forma migratoria da troita ou reo (*Salmo trutta trutta*), o cacho (*Squalius carolitertii*), e a anguía (*Anguilla anguilla*). Outros vertebrados de especial interese asociados ao medio fluvial son o desmán ibérico (*Galemys pyrenaicus*), e a lontra (*Lutra lutra*), entre os mamíferos, e o picapeixe (*Alcedo atthis*), e o merlo rieiro (*Cinclus cinclus*), entre as aves. Ademais, o endémico lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberii*), encóntrase nos bordos do bosque ripario e os prados con arbustos e, por outra parte, existe unha rica avifauna propia do ameneiral e os demais ambientes próximos ao río, entre a que cabe sinalar o falcón pequeno (*Falco subbuteo*), o moucho de orellas (*Otus scops*), ou o ouriolo (*Oriolus oriolus*).

Tipos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE	
Nat-2000	Hábitat do Anexo I da DC 92/43/CEE (Abreviado)
1130	Esteiros
3260	Ríos dos pisos basal a montano
4030	Queirogais secos europeos
6220	* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con <i>Molinia</i>
6430	Megaforbios eútrofos higrófilos das orlas de chairas
6510	Prados de sega de baixa altitude
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira
91E0	* Bosques aluviais de <i>Fraxinus excelsior</i> e <i>Alnus glutinosa</i>
9230	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Q. pyrenaica</i>

Táboa 1. Tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE do Río Lérez. Os hábitats de interese comunitario de Galicia. Páxina 151.

O outro lugar de importancia comunitaria é a Serra do Cando. O código LIC é ES1140014, e cualificado como Zona de Especial Conservación (ZEC) Esta serra localízase dentro da denominada Dorsal Galega, no centro-sudoeste da comunidade. É unha serra de mediana altitude que conta con notables extensións de matogueira xunto con pequenas carballeiras. Ademais ten pequenas superficies de turbeiras e torgueiras con esfango. A altura media da serra é de 716m. Nela atópanse 7 hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE).

- Pozas temporais mediterráneas
- Uceiras húmidas atlánticas meridionais de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*
- Uceiras secas
- Uceiras oromediterráneas endémicas con *Ulex parvifolius*
- Pasteiros pioneiros en superficies rochosas
- Bosques aluviais residuais
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*

No relacionado coa flora ea vexetación existen extensas áreas cubertas por comunidades de mato: *Ulici minoris-Ericetum umbellatae*; *Ulici europaei-Ericetum cinereae*; *Ulici europaei-Cytisetum striati*. Destacan, así mesmo, os bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*) e as formacións de esfagno (*Sphagnum pylaisii*) en zonas hidromorfas.

Cómpre subliñar tamén a presenza do narciso (*Narcissus cyclamineus*) e do salgueiro (*Salix salvifolia ssp. Australis*).

Respecto a fauna entre os invertebrados, destacan as poboacións de *Geomalacus maculosus*, *Oxygastra curtisii*, *Euphydryas aurinia*, *Lucanus cervus* e *Cerambyx cerdo*. Nos ríos, é importante a presenza de *Margaritifera margaritifera*.

Entre os vertebrados, hai poboacións de cobra rateira (*Malpolon monspessulanus*) de interese bioxeográfico por seren das máis noroccidentais da península Ibérica. Tamén é destacable a presenza de píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) e de lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*). Entre a avifauna nidificante destacan aves de rapina como o miñato abelleiro (*Pernis apivorus*), agúa cobreira (*Circaetus gallicus*), gatafornela (*Circus cyaneus*), tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), lagarteiro (*Falco tinnunculus*), falcón pequeno (*Falco subbuteo*) e moucho de orellas (*Otus scops*).

Outras aves nidificantes son a avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*), o picapeixe (*Alcedo atthis*), a cotovía das árbores (*Lullula arborea*), a pica campestre (*Anthus campestris*), a pica das árbores (*Anthus trivialis*), o pedreiro cincento (*Oenanthe oenanthe*), a papuxa do mato (*Sylvia undata*), e o picanzo vermello (*Lanius collurio*), e non reproductoras (migración/invernada) de pica dos prados (*Anthus pratensis*). Entre os mamíferos, destaca a presenza de toupeira da auga (*Galemys pyrenaicus*), dos morcegos (*Rhinolophus hipposideros*, *Rhinolophus ferrum-equinum* e *Myotis myotis*), da lontra (*Lutra lutra*), nos ríos, e probablemente existe un núcleo reprodutor de lobo (*Canis lupus*).


Tipos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE

Nat-2000	Habitat do Anexo I da DC 92/43/CEE (Abreviado)
3130	Augas oligotróficas ou mesotróficas
3260	Ríos dos pisos basal a montano
4020 *	Queirogais húmidos atlánticos de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
6220 *	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con <i>Molinia</i>
6430	Megaforbios eútrofos higrófilos das orlas de chairas
6510	Prados de sega de baixa altitude
7110 *	Turbeiras altas activas
7140	Mires de transición
7150	Depresións sobre sustratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira
8310	Covas non explotadas polo turismo
91E0 *	Bosques aluviais de <i>Fraxinus excelsior</i> e <i>Alnus glutinosa</i>
9230	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Q. pyrenaica</i>


Táboa 2. Tipos de hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE da Serra do Cando. Os hábitats de interese comunitario de Galicia. Páxina 180.

Polo que respecta ó ámbito compre indicar que a ZEC Serrado do Cando conta con dúas zonas claramente diferenciadas, unha de serra propiamente dita e outra que remonta a través dos ríos Léz e Castro.

No ámbito do borde do río Castro a ZEC recolle o borde da actuación quer se pretende levar a cabo.



O ámbito do río Castro delimitado dentro da ZEC Serra do Cando destaca un dosel de vexetación autóctona de ribeira, e a fauna asociada a ela.



Por outra banda, asociado a este espazo tamén se delimitou unha zona de protección da avifauna, a cal coincide sensiblemente con este ámbito, e que dista, aproximadamente 500 do ámbito de actuación.

5.1.9.- A paisaxe

Dende o punto de vista da xeografía, a paisaxe é un espazo ou territorio sobre o que se relacionan diferentes elementos xeográficos, físicos, biolóxicos e humanos, que forman un conxunto diferenciado.

A Comunicación da Comisión Europea concibe a paisaxe como “sistemas coa súa propia xeoloxía, os seus propios usos do solo, características naturais e artificiais, fauna e flora, cursos de auga e clima. As paisaxes son formadas e caracterizadas polas condicións socioeconómicas e os modelos de asentamento da poboación. A preservación e mellora das paisaxes son importantes para a calidade de vida, así como para o funcionamento dos sistemas naturais.

Cerdedo-Cotobade aséntase dentro da Grande Área paisaxística denominada Rías Baixas. Dentro desta o concello comparte as seguintes comarcas paisaxísticas: Baixo Lérez e Vigo Prelitoral.

A comarca Baixo Lérez sitúase no curso alto (parcialmente) e medio do río homónimo, incorporando a bacía hidrográfica do Almofrei e as superficies de drenaxe doutros afluentes pola outra man. A súa superficie presenta unha clara alternancia serra-val, onde as maiores altitudes atópanse no leste, na Serra do Cando, que roldan os 1.000 m. O feito de que pouco a pouco se vaia rebaixando a altitude non significa que non haxa cumes destacados, tal e como ocorre na parte máis oriental de Cotobade, a onde chega a serra do Cando, aínda que tamén na parte occidental deste termo se encontran cumes que superan os 500 m. Dáse unha alternancia de bloques elevados e afundidos, fenómeno froito da tectónica, que se ve axudado pola acción erosiva dos cursos fluviais. Os relevos residuais, abundantes, móstranse en macizos cunha altitude media de 300 m cara ao suroeste e de 600 m cara ao nordés, debido á proximidade da cadea montañosa do Cando, que penetra coas súas abas na área oriental de Cotobade. Os leitos do Almofrei e dos seus afluentes adáptanse ás fracturas orixinadas pola depresión meridiana e toman unha dirección norte-sur, como consecuencia do antedito.

A zona ocupada polas comarcas de Vigo Prelitoral e Baixo Lérez constitúen a transición cara a área posterior de Galicia Central. Hai concellos da zona litoral, nomeadamente os que lindan con Galicia Central, que participan das características desta zona. Fronte á zona litoral, nesta zona a presenza da gandería é maior, o que denota a maior superficie dedicada a pasteiro, que duplica porcentualmente á do litoral. A superficie forestal, non obstante, presenta valores máis reducidos ca no litoral, dada a maior actividade agraria. Isto explica que as poucas concentracións parcelarias feitas na área se fixeran nesta zona precisamente. A superficie media das explotacións mostra unha tendencia crecente a medida que aumenta a distancia á costa, presentando valores xa superiores á media provincial nos concellos máis extremos

Como unidades paisaxísticas no contorno da actuación distínguense as seguintes:


Xeomorfolóxicamente atópase na unidade definida polos vales sublitorais.

Pola súa cuberta atopámonos dentro das unidades rururbana (diseminado) e agrosistema intensivo (mosaico agroforestal), e agrosistema extensivo.

Polo seu clima, termotemperado e mesotemperado inferior.

5.1.9.1.- A paisaxe da contorna


O ámbito de actuación atópase na confluencia de catro concentracións parcelarias, todas elas na parroquia de Cerdedo: Cerdedo, Cabenca, Meilide e Barro.



Os procesos de concentración parcelaria influíron notablemente na paisaxe, conformando un tapiz xeométrico no que os cursos fluviais e algunhas masas forestais que se manteñen rompen a uniformidade, e conectan coa paisaxe agraria anterior.

A paisaxe concentrada distribúese ó logo dunha chaira conformada polos cursos fluviais, arredor da cal emerxen as estribacións de pequenos outeiros que a bordean, de escasa altitude pero de pronunciada pendente. Estes outeiros mantivéronse ata a actualidade poboados de especies forestais constituíndo o nexo de unión entre a paisaxe máis tradicional e a actual.

Nestes outeiros as masas arbóreas autóctonas estanse a substituír por especies de crecemento rápido buscando unha maior rendibilidade do espazo forestal. Aínda así, tal e como se aprecia na seguinte imaxe as masas forestais autóctonas aínda son predominantes, conferindo unha calidade visual ó contorno de gran calidade.




A análise pormenorizada da contorna aporta os seguintes resultados.

- O ámbito ocupa unha zona relativamente cha entre o curso dos ríos Lézrez, Castro e Seixo.
- O espazo marcadamente rural tan so é alterado pola presenza do núcleo de Cerdedo, de carácter urbano aínda que moi descontinuo que, salvo en determinadas zonas, aporta unha escasa urbanidade ó contorno.
- O espazo agrícola domina claramente o contorno, no que aldeas de pequeno tamaño colonizan con espazo edificado os espazos intermedios.
- O fenómeno da dispersión dos núcleos rurais aínda non é moi pronunciado.
- O ámbito no que se pretende a execución do espazo libre EL-ZV-30, serve de charnela entre o espazo edificado de Cerdedo, o espazo agrícola no que se inclúen pequenos núcleos rurais de estrutura tradicional.

O ámbito paisaxístico coincidente coas zonas edificadas do espazo agrícola conta cunha calidade paisaxística alta pola calidade da súa arquitectura tradicional, posta de manifesto nas edificacións principais pero tamén nas numerosas edificacións auxiliares como alpendres, hórreos ou peches.



Un dos puntos de maior exposición visual da actuación dáse dende a Capela de Santa Cristina, na aldea de Lourido.



O outro punto de maior exposición visual dáse nas numerosas plataformas que salpican a ladeira noroeste da Serra do Cando.



5.1.9.2.- A paisaxe urbana

O ámbito de actuación atópase próximo ó núcleo de Cerdedo, clasificado como solo urbano polo planeamento vixente.

O núcleo de Cerdedo está constituído por un conxunto de edificacións que xurdiron inicialmente en torno á estrada nacional N-541, con pequenos conxuntos de edificacións medrando cara á igrexa parroquial ó sur, e cara ó norte coincidindo con pequenos espazos de praza.



A partir deste estrutura básica, o núcleo foi medrando coa apertura de novas rúas sen atender ó parcelario nin á rede de camiños existentes, e sen un instrumento de planificación urbanística que o regulase, de xeito que, a día de hoxe, fóra dos tres asentamentos orixinais e o crecemento lineal ó longo da antiga estrada, non existe conexión entre as preexistencias do territorio e a ordenación urbanística resultante.



Fenómenos como a urbanización discontinua, as tipoloxías inaxeitadas, a inadaptación das edificacións ó parcelario ou a dificultade de encaixe entre as tramas tradicionais e as novas son fenómenos que repercute negativamente na imaxe de conxunto deste asentamento.



Urbanización discontinua



Tipoloxías inaxeitadas



Inadaptación das edificación ó parcelario.



Trama nova contra trama tradicional, xunto con edificacións inaxeitadas.


Por outra banda, como factor positivo o núcleo presenta un grao de urbanización moi axeitado o que, xunto coa boa conservación en xeral do parque de vivendas, e a importante dotación de equipamentos, minimiza a importancia dos impactos negativos antes descritos, polo que a calidade paisaxística deste asentamento resulta boa con problemas de integración puntuais.

5.9.1.3.- A paisaxe do ámbito de actuación

A paisaxe do ámbito de actuación forma parte da paisaxe agrícola antes definida.

O ámbito atópase conformado por unha chaira entre os ríos Castro e Seixo. Trátase dunha zona que estivo sometida a un proceso de concentración parcelaria, na que se mantén na zona

central un pequeno montículo historicamente dedicado a uso forestal de apenas XXX m2 de superficie.



As árbores autóctonas de borde de ribeira constitúen unha barreira continua que ailla o ámbito do contorno exterior.



No interior peches de sebes ou de postes e arame dividen o parcelario concentrado adicado a pasteiros, con algún cultivo forraxeiro, mentres que algunhas masas arbóreas foron xurdindo nos lindes das fincas ou illadamente no seu interior.



Sempre destaca, ó fondo da composición o pequeno outeiro forestado.



A paisaxe así conformada é variable en función das estacións do ano, dende os tons ocres do inverno, coas árbores sen follas, á primavera ou verán no que a vexetación.

5.2.- Medio socioeconómico

5.2.1.- Poboamento comarcal

Se tiveramos que sintetizar a singularidade do poboamento na comarca de Pontevedra, fariámolo destacando dous trazos esenciais: a gran dispersión e a práctica ausencia de núcleos aglutinadores. Destacar a cidade de Pontevedra, seguido dos principais núcleos Poio e Ponte Caldelas que contan con entidade e características urbanas.


A topografía condiciona en gran medida a distribución do poboamento, de xeito que nos fondos de val e nas depresións alóxase gran parte do hábitat e unha parte importante desta comarca ten estas características. O núcleo máis importante desta comarca é a cidade de Pontevedra, polo que o crecemento poboacional desenvólvese na meirande parte os arredores da cidade estando comunicada, principalmente pola AP-9, paralelamente pola estrada N-550 (de norte a sur), e cara o interior por medio da estrada N-541.

Fronte a estas áreas, dominadas pola morfoloxía chaira, atópanse aquelas nas que predomina un relevo onde altéranse as montañas e os montes cos pequenos vales secundarios; nestes casos, o poboamento dispónse recollido nestes vales, a media ladeira, no contacto entre a zona de aproveitamento agrario e a de uso forestal, nas ladeiras de menor pendente ou nas chairas intermedias. Nas áreas máis montañosas e de vales máis encaixados (caso de Cerdedo-Cotobade), o poboamento organízase en pequenos núcleos que aproveitan os solos onde é posible o uso agrario, evitando en calquera caso as pendentes máis acusadas, factor que limita o poboamento.

Esta estrutura está evolucionando debido a unha serie de razóns. Por unha parte, os núcleos orixinais foron conectándose entre eles por unha rede de estradas e pistas, e esta trama foi o soporte do novo poboamento, de xeito tal que nas zonas chairas, máis atractivas para o poboamento e con maior densidade de vías de comunicación, os núcleos orixinais foron uníndose, densificándose a ocupación. O resultado é a gran dispersión que se observa en lugares como a depresión meridiana. A autoconstrución tamén ten contribuído a aumentar a dispersión, tanto máis canto as vías de comunicación deron accesibilidade a todo o territorio. Por iso, é constante a presenza de novas construcións con tipoloxías que nada teñen que ver coa zona.

5.2.2.- Demografía

A poboación municipal de Cerdedo-Cotobade ascende, segundo cifras oficiais, a 6.107 persoas no ano 2017. Se analizamos os datos correspondentes ao municipio de Cotobade do ano 2016 obtidos a través do IGE, podemos ver unha gráfica de poboación regresiva, debida a unha poboación envellecida.




Táboa de poboación do municipio de Cerdedo-Cotobade no ano 2016. Fonte IGE.

A gráfica de poboación mostra un elevado número de individuos entre os 30 e 60 anos, decrecendo este de maneira natural a medida que avanza a franxa de idade, ata os tramos de 80-85 anos. Como se aprecia na parte inferior da táboa, este núcleo forte de poboación activa non vén apoiado cunha base importante de poboación nova, de 0 a 25 anos, polo que o groso da poboación tenderá a un envellecemento paulatino. Da mesma maneira, analizando os datos de nacementos e defuncións dos últimos 10 anos, pódese ver o saldo negativo existente no municipio de Cotobade.

	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo
2006	26	60	-34
2007	24	73	-49
2008	20	71	-51
2009	23	59	-36
2010	32	45	-13
2011	26	71	-45
2012	19	67	-48
2013	24	67	-43
2014	22	47	-25
2015	26	49	-23
2016	22	50	-28

Táboa de nacementos-defuncions do municipio de Cerdedo-Cotobade no anos 2010 a 2016. Fonte IGE.

Estes factores á vez derivan nunha perda paulatina de poboación como se pode apreciar na gráfica seguinte.



Táboa da evolución da poboación no municipio de Cerdedo-Cotobade entre os anos 2006 e 2016. Fonte IGE.

Non obstante esta cifra de decrecemento da poboación é necesario poñela en relación cos movementos migratorios.

EMIGRACIÓN POR TIPOS

	Total	Emigración interna	Á mesma provincia	Á mesma comarca	A outra comarca da mesma provincia	A outra provincia de Galicia	Emigración externa	A outra CCAA	Ao estranxeiro
1990	64
1991	43
1992	74	68	68	61	7	0	6	6	..
1993	85	82	81	62	19	1	3	3	..
1994	79	72	70	48	22	2	7	7	..
1995	87	77	74	65	9	3	10	10	..
1996	48	39	37	27	10	2	9	9	..
1997	61	39	38	27	11	1	22	22	..
1998	117	82	82	58	24	0	35	35	..
1999	100	84	82	72	10	2	16	16	..
2000	124	99	94	79	15	5	25	25	..
2001	93	80	70	63	7	10	13	13	..
2002	124	98	95	74	21	3	26	17	9
2003	111	91	86	68	18	5	20	18	2
2004	101	85	79	55	24	6	16	8	8
2005	141	106	102	72	30	4	35	31	4
2006	131	92	81	59	22	11	39	32	7
2007	151	126	119	84	35	7	25	20	5
2008	147	126	122	88	34	4	21	17	4
2009	161	133	128	90	38	5	28	20	8
2010	143	118	107	81	26	11	25	20	5

INE. Estadística de variacións residenciais. Elaboración IGE

INMIGRACIÓN POR TIPOS

	Total	Inmigración interna	Da mesma provincia	Da mesma comarca	Doutra comarca da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	Inmigración externa	Doutra CCAA	Do estranxeiro
1990	36
1991	36
1992	57	46	46	29	17	0	11	10	1
1993	85	72	72	58	14	0	13	5	8
1994	81	55	54	48	6	1	26	14	12
1995	76	58	56	39	17	2	18	14	4
1996	69	46	46	40	6	0	23	11	12
1997	72	51	49	33	16	2	21	11	10
1998	45	35	33	21	12	2	10	6	4
1999	80	54	53	38	15	1	26	13	13
2000	101	67	66	51	15	1	34	20	14
2001	96	67	63	55	8	4	29	13	16
2002	90	45	43	35	8	2	45	25	20
2003	135	101	95	76	19	6	34	19	15
2004	127	74	71	62	9	3	53	33	20
2005	123	94	87	75	12	7	29	20	9
2006	144	102	101	86	15	1	42	16	26
2007	137	97	91	60	31	6	40	27	13
2008	137	91	85	64	21	6	46	35	11
2009	174	148	142	102	40	6	26	19	7

2010	149	115	108	78	30	7	34	24	10

INE. Estadística de variacións residenciais. Elaboración IGE

SALDO MIGRATORIO

	Total	Saldo interno	Intraprovincial	Co resto de Galicia	Saldo externo	Co resto de España	Co estranxeiro
1990	-28
1991	-7
1992	-17	-22	-22	0	5	4	1
1993	0	-10	-9	-1	10	2	8
1994	2	-17	-16	-1	19	7	12
1995	-11	-19	-18	-1	8	4	4
1996	21	7	9	-2	14	2	12
1997	11	12	11	1	-1	-11	10
1998	-72	-47	-49	2	-25	-29	4
1999	-20	-30	-29	-1	10	-3	13
2000	-23	-32	-28	-4	9	-5	14
2001	3	-13	-7	-6	16	0	16
2002	-34	-53	-52	-1	19	8	11
2003	24	10	9	1	14	1	13
2004	26	-11	-8	-3	37	25	12
2005	-18	-12	-15	3	-6	-11	5
2006	13	10	20	-10	3	-16	19
2007	-14	-29	-28	-1	15	7	8
2008	-10	-35	-37	2	25	18	7
2009	13	15	14	1	-2	-1	-1
2010	6	-3	1	-4	9	4	5

INE. Estadística de variacións residenciais. Elaboración IGE

Independentemente do inmediato problema de envellecemento da poboación e de crecemento vexetativo negativo, o saldo migratorio do concello dá outras cifras.

O saldo migratorio interno é negativo en case todo o último decenio, presentando un resultado global negativo, motivado fundamentalmente pola emigración intraprovincial. É dicir, neste momentos a poboación está a emigrar a concellos da mesma provincia, fundamentalmente Pontevedra e Vigo, na procura de melloras condicións laborais, económicas e sociais.

O saldo migratorio externo é en case todo o último decenio positivo, o que dá unha idea do número de persoas que abandonaron o concello cara ó resto de España ou o estranxeiro, e que neste momento están a retornar. Tamén existe un número indeterminado de persoas estranxeiras que, logo de percorrer varias zonas de España fixan a residencia neste concello, pola proximidade a Pontevedra.

Dos datos anteriores pódese comprobar que no último decenio o saldo migratorio interno (-121 habitantes en números absolutos) está totalmente equilibrado polo saldo migratorio externo (130 habitantes en valor absoluto).

Así, pódese concluír que, fóra do crecemento vexetativo negativo, motivado polo envellecemento da poboación e a baixa taxa de natalidade que afecta á totalidade da comunidade autónoma, no concello de Cotobade os fenómenos migratorios equilíbranse, conquerindo un saldo migratorio lixeiramente positivo. Este aspecto é clave á hora de planificar solo para actividades empresariais, posto que fóra das cuestións demográficas o concello ten potencialidade para xerar demanda de novos postos de traballo.

5.2.3. Actividades económicas

Polo que fai á economía municipal, a proximidade á cidade de Pontevedra condiciona a actividade económica, xa que a maior parte dos activos que traballan na industria e no sector terciario o fan tanto na capital provincial como en Vigo, xa que a industria local é moi escasa, e o terciario tamén é moi feble, destinado tan só a satisfacer as necesidades máis básicas da poboación. O sector primario, que ocupa a un 5,23% dos activos, baséase nunha actividade case que marxinal e de subsistencia, practicada polas persoas de máis idade ou a tempo parcial, con pequenas explotacións que tenden a reducir o seu número. Por outra parte, no concello téñense dado procesos de concentración parcelaria, acadando no ano 2008 1.831 Ha de superficie. Este proceso se reflicte nunha modernización das explotacións e, consecuentemente, nun aumento da rendibilidade nestas explotacións.

A ocupación e distribución do uso agrario supón unha correlación coa actividade agraria e cunha importancia relativa na base económica local, con explotacións de pequeno tamaño, que tenden a reducir o seu número.

O sector secundario é o máis importante desde o punto de vista da base económica, xa que o 25,3% dos ocupados traballan no sector secundario. A maior proporción de ocupados está na industria, concretamente o 13,02% do total, mentres que na construción ocúpase o 12,28%.

Nos últimos tempos e nas sociedades occidentais estamos a asistir a un progresivo aumento da importancia do sector terciario da economía. Este feito queda reflectido na distribución da poboación ocupada ou no emprego. Este proceso tamén se produce en Galicia, de xeito que a pesar da importancia que aínda ten o sector primario, a agricultura e a pesca, o conxunto do sector terciario supera ao primario. En Cerdedo-Cotobade ocorre outro tanto, e se ben a industria e a construción singularizan a base económica do concello, o terciario engloba a maior proporción de poboación ocupada (69,47% dos activos).

Polo que fai á actividade empresarial no ano 2016 no concello de Cerdedo-Cotobade existían un total de 356 empresas das cales 61 se engloban no sector de agricultura e pesca (17,13%), 24 no industrial (6,74%), 71 na construción (19,94%) e 200 no sector servizos (56,18%).

5.3.- Medio construído

5.3.1.- Vivenda

Segundo o Censo de Poboación de 2001, o conxunto dos dous municipios, Cerdedo e Cotobade, antes da fusión rexistraba 3.953 vivendas familiares, das que 2.398 eran vivendas

familiares principais, 343 secundarias, 1.093 baleiras. En total existían 4.111 edificios e 357 locais.

A situación en 2011 é a seguinte: 3.750 vivendas familiares das que 2.390 son principais, 1.015 secundarias e 345 baleiras.

Analizando estes datos compre observar que o número total de vivendas baixa lixeiramente, mantense o número de vivendas principais, aumenta substancialmente o de vivendas secundarias e diminúe tamén substancialmente o número de vivendas baleiras.

Tendo en conta o anterior extráense as seguintes conclusións:

- O número de membros por fogar diminúe, posto que se mantén o número de vivendas principais nun contexto de perda de poboación.
- A redución do número de vivendas ven motivada pola ruína ou desaparición de parte das que no ano 2001 estaban baleiras.
- Existe un importante aumento de segunda residencia de persoas que residen nas principais cidades da provincia, Vigo ou Pontevedra. Este feito está asociado á nova construción de vivendas, pero tamén á rehabilitación das existentes, existindo un claro trasvase de vivendas baleiras a secundarias entre os censos de 2001 e de 2011.

Polo que fai ao número de licenzas de edificación, entre os anos 2000 e 2016, Cotobade rexistrou unha media de 16 licenzas ao ano, referidas maioritariamente a edificacións de nova planta, mentres que so 5 refírense a rehabilitacións.

Porén estes datos é necesario poñelos en valor coa recente evolución do parque de vivendas nacional. Nótase claramente un importante número de licenzas concedidas entre os anos 2000 e 2009. A partir dese ano nótase unha diminución importante e mesmo un parón case total a partir dese ano e sobre todo do 2013.

No caso do Concello de Cerdedo obsérvase un moito menor dinamismo, froito dunha maior distancia a Pontevedra, resultando que nos anos de maior expansión inmobiliaria, no concello de Cerdedo a penas se concedían licenzas.

Licenzas concedidas nos últimos 17 anos en Cotobade

	Total	Nova planta	Rehabilitación	Edificios	En locais	Só demolición total
2000	24	15	9	8	1	0
2001	15	10	5	5	0	0
2002	22	19	3	3	0	0
2003	16	9	7	7	0	0
2004	26	14	12	12	0	0
2005	26	18	8	7	1	0
2006	32	27	5	5	0	0
2007	18	13	5	5	0	0
2008	19	17	2	2	0	0
2009	24	17	7	7	0	0
2010	9	8	1	1	0	0

2011	16	11	5	5	0	0
2012	13	9	4	3	1	0
2013	5	1	4	4	0	0
2014	4	1	3	3	0	0
2015	4	2	2	2	0	0
2016	3	0	3	3	0	0

Licenzas concedidas nos últimos 17 anos en Cerdedo

	Total	Nova planta	Rehabilitación	Edificios	En locais	Só demolición total
2000	0	0	0	0	0	0
2001	0	0	0	0	0	0
2002	0	0	0	0	0	0
2003	0	0	0	0	0	0
2004	0	0	0	0	0	0
2005	3	0	3	1	2	0
2006	2	2	0	0	0	0
2007	4	2	2	1	1	0
2008	6	2	4	3	1	0
2009	1	0	1	1	0	0
2010	1	1	0	0	0	0
2011	0	0	0	0	0	0
2012	1	0	1	0	1	0
2013	0	0	0	0	0	0
2014	1	1	0	0	0	0
2015	1	0	1	1	0	0
2016	1	0	1	1	0	0

O Catastro inmobiliario rústico de Cotobade renovouse por última vez no ano 2008, e rexistra 5.998 titulares catastrais, representando unha superficie de 12.095 ha, con 42.548 parcelas e 64.497 subparcelas, cun valor catastral de 10.318.000 €. A meirande parte deste catastro, en canto a superficie está constituído por parcelas de monte en man común.


O Catastro inmobiliario urbano de Cotobade renovouse por última vez en 2014, e rexistra 14.969 parcelas urbanas con 12.344 solares e con 2.625 parcelas edificadas, cunha superficie de 13.395.000 m² e un valor catastral de 147.967.000 €.

O Catastro inmobiliario rústico de Ceredo renovouse por última vez no ano 2006, e rexistra 5.241 titulares catastrais, representando unha superficie de 7.787 ha, con 48.469 parcelas e 55.554 subparcelas, cun valor catastral de 6.356.000 €.

O Catastro inmobiliario urbano de Ceredo renovouse por última vez en 2016, e rexistra 4.406 parcelas urbanas con 3.008 solares e con 1.398 parcelas edificadas, cunha superficie de 1.559.000 m² e un valor catastral de 55.289.000 €.

5.3.2.- Mobilidade.

A rede viaria municipal componse actualmente dun conxunto de estradas de diversa titularidade e da malla que forman os camiños públicos de carácter rural. Por xerarquía destaca unha estrada da rede estatal, 7 estradas da rede autonómica e ata 18 estradas da rede provincial.



A estrada da rede estatal N-541 (Ourense-Pontevedra), con 28 km, recorrendo o concello pola súa parte norte e occidental; con a cunha IMD de 3.771 (ano 2016, estación secundaria en San Xurxo de Sacos) e unha sección de calzada que abala entre os 7,40 m na zona de dous carrís e os 10,90 nas zonas de tres carrís (subidas con carril para vehículos lentos). Esta infraestrutura está sobredimensionada para a IMD coa que conta na actualidade.

Das setes estradas de titularidade autonómica unha pertence á rede primaria básica e o resto á rede secundaria.

A estrada da rede primaria básica é a PO-534 que une Lalín coa N-541 á altura de Folgoso. Esta estrada non ten relevancia dentro do termo municipal posto que tan so o atravesa tanxencialmente nunha lonxitude aproximada de 2,3 km.

O resto das estradas da rede secundaria comunican A Chan (capital municipal de Cotobade) con Campo Lameiro (PO-232 e PO-231), con Bora (Pontevedra) (PO-233) e coa Lama e o límite da provincia de Ourense (PO-235). Outras estradas de menor relevancia no termo municipal son a PO-230 que une Campo Lameiro coa N-541 en Vichocuntín e a PO-234 que une Ponte Caldelas coa Augasantas (Cotobade).

Das sete estradas destacan polo seu trazado e características a PO-534 e a PO-233 que constitúe unha das principais comunicacións de Cotobade con Pontevedra. Ambas teñen un bo trazado, un bo firme e unha sección mínima de calzada de 7 m. A IMD da primeira acende a 1.608 e da segunda a tan so 2.020 co que, como no caso da estrada estatal tamén se atopan sobredimensionadas.

Existe un déficit de comunicacións entre a capital de Cerdedo e a capital de Cotobade, o que xera tensións de mobilidade entre os dous principais focos de equipamentos do concello.

A rede de estradas de titularidade supramunicipal complétase con 18 estradas da rede provincial que fundamentalmente acollen tráfico local e que teñen trazados e firmes en diferentes estados. O listado destas estradas é o seguinte:

EP-0401, EP-0403, EP-0404, EP-0405, EP-0406, EP-0407, EP-0408, EP-0409, EP-0411, EP-0412, EP-0413, EP-7101, EP-7102, EP-7103, EP-7104, EP-7105, EP-7106 e EP-0307.

Polo que fai á liña ferroviaria, está previsto o paso do Corredor de Alta Velocidade, no seu tramo Ourense-Vigo, polo termo municipal de Cerdedo-Cotobade, , que cruzará o concello de leste a oeste. Debido á inexistencia de acceso neste tramo, o AVE non supón un impacto no desenvolvemento futuro do concello a nivel de comunicacións.

O ámbito de actuación atópase a escasos metros de Cerdedo, con dous viarios principais de comunicación con este: A estrada provincial EP-7104, de Cerdedo a Santo Domingo e a estrada municipal que, partindo de Cerdedo atravesa os núcleos de Revolta, Biduído, Peteiros e Limeres.

A través da estrada EP-7104 a actuación dista 630 m da estrada N-541, mentres que a través da estrada municipal a actuación sitúase a 210 m.

A estrada N-541 é o principal eixo de comunicación do concello e por ela discurren as principais liñas de transporte público, motivo polo cal a actuación atópase en boa posición con respecto á mobilidade sustentable.

Con respecto ós percorridos ciclistas compre indicar que no termo municipal non existen vías con calzada exclusiva para este tipo de tráfico. Porén a elevada cantidade de vías municipais con ancho axeitado, bo firme e escaso tráfico de carácter exclusivamente local, fai que a posibilidade de coexistencia deste tráfico co de automóviles non resulte un problema a resolver de xeito inmediato.

Os accesos do tráfico ciclista ó ámbito a través de vías de boa sección, bo firme e escaso tráfico está garantido.

Porén sería necesario acometer un programa de execución de sendas que garantan a mobilidade peonil entre os núcleos máis próximos en condicións de seguridade viaria para os viandantes.

5.3.3.- Abastecemento e saneamento.

5.3.3.1.- Abastecemento de auga potable

A zona de Cotobade do concello fusionado carece de sistema municipal de abastecemento de auga. Sen embargo hai todo un conxunto de redes colectivas veciñais organizadas en torno aos núcleos de poboación, dando servizo a gran parte das vivendas do concello. As vivendas que non teñen acceso a estas redes contan cun sistema de captación individual mediante pozos.


A subministración prodúcese por gravidade en todos os casos, non habendo estacións de bombeo, dende os depósitos veciñais ata os puntos de consumo.

Os núcleos de poboación teñen un depósito, varios nos lugares de maior tamaño, que garante o subministro regular de auga. Estes soen estar situados nos montes preto dos lugares e ao pé das minas de auga.

Pola contra na zona de Cerdedo a meirande parte do abastecemento de auga é municipal existindo unha pequena cantidade de redes veciñais.

A orixe do abastecemento de auga municipal no solo urbano de Cerdedo parte dun 1 pozo filtrante que capta auga do río do Seixo. A infraestrutura de abastecemento consta dunha planta potabilizadora que consta dun só depósito de cabeceira que actúa tamén como depósito de distribución e que está bicompartimentado en dúas cámaras xemelgas de 250 m³, cunha capacidade total de 500 m³.

Xa no propio núcleo de Cerdedo a auga distribúese polas rúas do casco urbano, cunha rede mallada, chegando mesmo ata o borde da EL-ZV-30, co que o abastecemento deste ámbito atópase garantido.



O Plan Auga 2010-2025 contempla para este concello as seguintes actuacións:

Na parte de Cotobade contempla a execución dunha captación no río Lérez, con capacidade de 21 l/sg, un depósito de 1.000 m³ e un total de 35 km de rede de distribución, cunha inversión de 5.895.054 € para unha poboación total de 3.075 habitantes.

Tamén contempla actuacións menores cos dúas captacións de 1 l/sg e dous depósitos de 100 m³ cada un.

Na parte de Cerdedo as inversións, debido á actual rede existente, as inversións son menores e se limitan a pequenas actuación para garantir o abastecemento a determinados asentamentos que xa contan con este servizo pero que a día de hoxe pode resultar deficitario. Así deséñanse cambio de tubaxe e unha nova ETAP con capacidade para 13,88 l/sg, seis novos depósitos de 100 m³ cada un e catro novas captacións de 1 l/sg cada unha.

5.3.3.2. Saneamento


A rede de saneamento chega a gran parte das parroquias do concello, e dá servizo a un número importante de núcleos, como Famelga na parroquia de Augasantas de Santa Mariña, A Arrotea en San Lourenzo de Almofrei, A Aldea de Abaixo en San Martiño de Borela, A Chan ou Cunqueira en San Miguel de Carballedo, Barbeitos ou Cutián en San Xurxo de Sacos, A Vila de Arriba en Santa María de Sacos, A Laxe ou Tralamós en San Pedro de Tenorio, A Atalaia ou Cabanelas en Santiago de Viascón, Piñeiro, Tresaldeas, Os Castros, Outeiro, Fondós, Cuiña en Quireza (San Tomé), Bugarín, Castro do Cabo, Castro do Medio, Filgueira en Castro (Santa Baia), Pedre en Pedre (Santo Estevo), Tomonde, Vilalén en Tomonde (Santa María), Loureiro, Vilar, Figueroa, Deán, en Figueroa (San Martiño), Cerdedo, Lourido, Limeres, Peleteiros, Chamadoira, Arén en Cerdedo (san Xoán)

Está composta por un sistema de canalizacións construídas baixo rúas e vías e camiños, e por un conxunto de instalacións de minidepuradoras, situadas por todo o concello e próximas aos núcleos.

O funcionamento de toda a rede está baseado na gravidade, cun trazado que emprega as pendentes naturais para a evacuación dos residuos cara os sistemas de decantación, polo que non hai instalada estación de bombeo algunha. Estas instalacións son revisadas e baleiradas regularmente.

En xeral non presentan problemas importantes de funcionamento.

Para o núcleo de Cerdedo existe unha EDAR de maior tamaño, servindo unha poboación de 800 habitantes equivalentes. A capacidade media ascende a 11,6 m³/hora cun máximo de 28,9 m³/hora.



5.3.4.- Equipamentos.

Desde unha visión xeral, no municipio de Cerdedo-Cotobade prodúcese unha concentración das dotacións no núcleo Lérez da parroquia de Tenorio, e nos núcleos urbanos da Chan e Cerdedo, antigas capitais municipais, singularmente as de carácter xeral, existindo unha rede menor e de características polinuclear baseada nun modelo de equilibrio territorial.

5.3.4.1.- Equipamento docente

A oferta actual acada a contemplada no cadro que se amosa a seguir, considerándose que é suficiente para a poboación actual.

Nome	Lugar	Parroquia
CEIP de Carballedo	A Cuqueira	Carballedo (San Miguel)
I.E.S de Cotobade	Lérez	Tenorio (San Pedro)
CEIP de Tenorio	Lérez	Tenorio (San Pedro)
Gardaría (A Galiña Azul)	Lérez	Tenorio (San Pedro)
CEIP San Xoán Bautista	Cerdedo	Cerdedo
Escola infantil Cerdedo (A Galiña Azul)	Cerdedo	Cerdedo

5.3.4.2.- Equipamento sanitario-asistencial

No referente á saúde, os habitantes deste concello dispoñen de tres centros de saúde, un na Igrexa en Carballedo, outro e en O Barro, Tenorio e o último en Cerdedo, con servizos de enfermería, matronas e pediatría. Polo que se refire ás urxencias, tanto as do PAC (Punto de Atención Continuada) como as de atención especializada préstase nos centros hospitalarios de Pontevedra. Tamén conta o termo municipal cun tanatorio e un fogar residencial xeriátrico con 18 prazas de capacidade.

Nome	Lugar	Parroquia
Centro de saúde Carballedo	A Igrexa	Carballedo (San Miguel)
Centro de saúde Tenorio	Barro	Tenorio (San Pedro)
P.A.C. Terra de Montes	Cerdedo	Cerdedo (Xan Xoan)
Tanatorio	Cerdedo	Cerdedo (Xan Xoan)
Fogar Residencial de Cerdedo	Cerdedo	Cerdedo (Xan Xoan)



Centro de Saúde en O Barro, na parroquia de Tenorio.

5.3.4.3.- Equipamento deportivo

O equipamento deportivo concentra a maior parte da oferta na parroquia en Cerdedo cun pavillón polideportivo e unhas piscinas, en Tenorio, unha pista deportiva, un campo de fútbol e un pavillón municipal. No resto do concello atopamos un pavillón municipal no lugar de A Cuqueira e cinco campos de fútbol na Laxa, no Pozo Negro, en Fontán, no Mallo e en Sión.



Pista polideportiva no Pavillón municipal de A Cuqueira.

Nome	Lugar	Parroquia
Pavillón Municipal	A Cuqueira	Carballedo (San Miguel)
Pavillón Municipal	Lérez	Tenorio (San Pedro)
Pista Polideportiva	Lérez	Tenorio (San Pedro)
Campo de Fútbol	Sión	Carballedo (San Miguel)

Campo de Fútbol	A Laxa	Caroi (Santiago)
Campo de Fútbol	O Pozo Negro	Rebordelo (San Martiño)
Campo de Fútbol	Fontán	Sacos (San Xurxo)
Campo de Fútbol	Covas	Tenorio (San Pedro)
Campo de Fútbol	O Mallo	Viascón (Santiago)
Ecoparque Atalaia	Atalaia	Viascón (Santiago)
Pista polideportiva	Fondós	Sto. Tomé de Quireza
Campo de fútbol	Vilarchan	Sto. Tomé de Quireza
Pista polideportiva	Tomonde	Sta. Mariña de Tomonde
Campo de fútbol	Pedre	Sto. Estevo de Pedre
Piscinas fluviais	Estrada a Lourido	San Xoán de Cerdedo
Escola de parapente	Carballás	San Xoán de Cerdedo
Polideportivo	Casco urbano	San Xoán de Cerdedo

5.3.4.4.- Equipamento sociocultural

O veciños de Cerdedo-Cotobade contan cun bo número de instalacións, tanto públicas como privadas (veciñais), dedicadas a temas sociais e culturais repartidas por todo o concello e chegando a gran parte das parroquias.

En canto ás instalacións de titularidade municipal, destacan o Centro Sociocultural, o edificio municipal no lugar de A Chan e a aula da natureza, no lugar de A Atalaia



Centro Sociocultural, lugar da Chan.

Por outra banda, os propios veciños foron construíndo, xeralmente, pequenos locais privados con múltiples usos que empregan como lugar de reunión, sala de xuntas para tratar temas comúns ou como local de apoio ás festas do lugar. Locais sociais feitos polos veciños encontrámoslos nos lugares de A Famelga, na parroquia de Augasantas e A Graña a parroquia de Borela.

Na parte de Cotobade

Nome	Lugar	Parroquia
------	-------	-----------

Centro Sociocultural	A Chan	Carballedo (San Miguel)
Parada - Albergue	A Chan	Carballedo (San Miguel)
Almacén	A Chan	Carballedo (San Miguel)
Local Veciñal	Famelga	Augasantas
Escolas Antigas	O Igrexario	Augasantas
Casa escola de Almofrei	A Arrotea	Almofrei
Casa da Vila	A Cavada	Borela
Local veciñal	A Graña	Borela
Casa do emigrante	A Igrexa	Carballedo
Antiga Escola Masculina	O Coto	Caroi
Antiga Escola Feminina	O Coto	Caroi
Casa da Vila	O Outeiro	Corredoira
Antiga Escola	As Pozas	Corredoira
Casa da Vila	Ribalta	Loureiro
Casa da Vila	Os Lourenzos	Rebordelo
Antiga Escola	Cádavo	Sacos (Santa María)
Local Medio Rural	Barbeitos	Sacos (San Xurxo)
Antiga Escola	Barbeitos	Sacos (San Xurxo)
Casa da Cultura	Covas	Tenorio
Casa da Vila	Vilanova	Tenorio
Casa da Vila	O Igrexario	Valongo
Aula da Natureza	A Atalaia	Viascón
Almacén veciñal	Quintán	Viascón
Casa da Vila	Quintán	Viascón
Palco	Quintán	Viascón
Aula do Medio Rural	O Mallo	Viascón

En canto al área pertencente a Cerdedo:

Nome	Lugar	Parroquia
Local social de Tomonde	Tomonde	Tomonde (Santa Maria P.)
Local social de Vilalen	Vilalen	Tomonde (Santa Maria P.)
Local social de Quireza	Outeiro	Quireza (San Tome P.)
Local social de Cuiña	Cuiña	Quireza (San Tome P.)
Local social de Castro de Medio	Castro do Medio	Castro (Santa Baja P.)
Local social de Loureiro	Loureiro	Figueiroa (San Martiño P.)
Local social de Vilar	Vilar	Figueiroa (San Martiño P.)
Local social de Dean	Dean	Figueiroa (San Martiño P.)
Local social de Figueroa	Figueroa	Figueiroa (San Martiño P.)
Local social de Pedre	Pedre	Pedre (Santo Estevo P.)
Local social de Chamadoira	Chamadoira	Cerdedo (San Xoan)
Local social de Viduido	Viduido	Cerdedo (San Xoan)
Local social de Limeres	Limeres	Cerdedo (San Xoan)
Local social de Cavadosa	Cavadosa	Cerdedo (San Xoan)
Local social de Parada	Insua	Parada (San Pedro P.)
Local social de Aren	Aren	Cerdedo (San Xoan)
Local social de Meilide	Meilide	Cerdedo (San Xoan)
Local social de Carballás	Carballás	Cerdedo (San Xoan)
Centro cultural de Cerdedo	Cerdedo	Cerdedo (San Xoan)
Sala de exposiciónes	Cerdedo	Cerdedo (San Xoan)
Escuela taller D. Remedios	Cerdedo	Cerdedo (San Xoan)

Local social de Folgoso	Covas	Folgoso (Santa Maria p.)
Palco de música	Covas	Folgoso (Santa Maria p.)

5.3.4.5.- Equipamentos administrativos.

Os equipamentos administrativos co que conta Cerdedo-Cotobade son as Casas do Concello e a antiga casa Consistorial.



Casa do Concello. A Chan, Carballedo.

Nome	Lugar	Parroquia
Casa concello	A Chan	Carballedo (San Miguel)
Antiga casa concello	A Chan	Carballedo (San Miguel)
Protección Civil	Cerdedo	Cerdedo
Cuartel da Garda Civil	Cerdedo	Cerdedo
Oficina de Correos	Cerdedo	Cerdedo

6.- EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

6.1.- Consumo de auga

En canto ó aumento no consumo de auga motivado pola actuación considéranse as seguintes magnitudes:

Na área de baño o consumo de auga resulta puntual no momento de enchido das piscina, operación que tan so realizará unha vez e outras ocasionais para procesos de mantemento. Non se considera ós efectos de cálculo da capacidade.

Aparcamiento 1: será necesaria unha dotación de auga para servizo das autocaravanas. Considerando unha dotación de 100 litros por caravana, estímase un consumo máximo de 800 litros/día.

Aparcamiento 2: será necesaria unha dotación de auga para servizo das autocaravanas. Considerando unha dotación de 100 litros por caravana, estímase un consumo máximo de 1.500 litros/día.

A área de baño estará dotada dunha zona de ducha previa ó uso da piscina. O consumo será exclusivamente de tempada. Considerando un total de 200 usuarios día, o caudal punta diario ascende a 8.000 litros/día.

A área deportiva contará con aseos e un pequeno quiosco para venda de comida e bebida. Considérase unha dotación de 3.000 litros/día.

A zona de auditorio contará con aseos e un pequeno quiosco para venda de comida e bebida. Considérase unha dotación de 3.000 litros/día.

As restantes zonas carecerán de dotación de auga.

Así o consumo punta de auga, con todas as zonas a teito de ocupación ascenderá a 16.300 litros/día, equivalentes a 0,18 l/sg de caudal punta.

Considerando que a área recreativa terán un funcionamento completo durante tres meses do ano, e despois poderá funcionar ó 30% o consumo anual ascenderá a 2.812 m³/ano. Esta cantidade non se considera significativa nin para a capacidade dos depósitos municipais nin das captacións que os abastecen.

6.2.- Vertidos

O saneamento será equivalente ó consumo de auga. Así, as previsións de saneamento para o dimensionamento da infraestrutura xeral serán: 2.812 m³/ano e 0,18 l/sg de caudal punta.

A EDAR de Cerdedo ten unha capacidade de depuración de 11,6 m³/hora de caudal medio (101.616 m³/ano) e de 28,9 m³/hora de caudal punta (8,03 l/sg).

A actuación suporá un aumento de caudal do 2,77% no caudal medio e do 2,24% no caudal punta, o cal non se considera significativo.

6.3.- Residuos sólidos urbanos

Enténdese que o a produción de residuos sólidos da nova dotación aumentará a necesidades de recollida e reciclaxe de residuos sólidos do núcleo. En canto á recollida, o aumento derivado desta dotación non debería ser moi significativo, tendo en conta o asentamento existente e as outras dotacións xa implantadas. De todas as maneiras, este aumento tería unha fácil solución, aumentando a frecuencia na recollida.

6.4.- Contaminación lumínica

Haberá aumento da contaminación lumínica derivado da nova dotación, pero non se considera significativa ao atoparnos nunha zona rural escasamente saturada.

6.5.- Abastecemento de electricidade

Enténdese que a infraestrutura eléctrica existente, dimensionada para un asentamento no que actualmente xa se atopan outras dotacións de características semellantes, será.

En todo caso a actuación non terá consumos excesivos. Os principais virán das dúas edificacións de 100 metros cadrados cada unha, da maquinaria da piscina e do alumeadado público, o cal non se considera significativo.

6.6.- Contaminación atmosférica polo aumento do tráfico

O aumento do tráfico derivado do uso da dotación non se considera suficiente para producir un cambio importante nas emisións.

6.7.- Aumento dos niveis sonoros ambientais por aumento do tráfico

Do mesmo xeito que no punto anterior, non se entende que da execución da nova equipamento derive un aumento substancial do número de vehículos. En todo caso, estes aumentos serán puntuais, durante horas compatibles co propio uso residencial.

7.- EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OUTROS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS RELACIONADOS

7.1.- PXOM de Cerdedo

A actuación non so é compatible co PXOM de Cerdedo se non que é obrigada por este. Un dos obxectivos do plan especial e a compatibilización desta coa paisaxe e o medio natural do contorno.

7.2.- Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, DOT

O municipio de Cerdedo-Cotobade queda a medio camiño entre a Rexión Urbana das Rías Baixas Vigo-Pontevedra e o espazo rural. A parroquia de Tenorio é a que sofre a influencia da cidade de Pontevedra, chegando a ter transporte metropolitano. Con todo, o resto do municipio englobase na categoría de espazo rural, polo que podemos considerar o municipio de Cotobade no seu conxunto dentro deste ámbito. Atendendo á función que desempeñan os espazos rurais dentro do conxunto do sistema territorial, e as características que axudan a diferenzas os seguintes tipos principais de espazos rurais: integrados, intermedios e periféricos. Sendo os integrados os que se sitúan naquelas zonas máis próximas ás áreas urbanas de maneira que as dinámicas móstranse claramente marcadas pola súa influencia. Caracterízanse por un adecuado acondicionamento territorial e unha considerable presión dos usos urbanos (equipamentos, dotacións, infraestruturas, segundas residencias...), as

actividades primarias manteñen un papel residual, cunha considerable presenza de agricultura a tempo parcial, predomina unha base laboral diversificada, como é o caso de Cerdedo-Cotobade. As estratexias dadas polas DOT platexan introducir medidas preventivas e correctoras de dispersión e favorecer unha regulación que xere unha transición ordenada, especialmente nos bordos urbanos, entre a cidade e o espazo rural. O incremento da mobilidade colectiva, as melloras no viario e a xeración de espazos públicos así como equipamentos, xunto a pautas correctoras que permitan canalizar e organizar as dinámicas difusoras e de asentamento no espazo rural de usos de natureza claramente urbana, deben ser referencias fundamentais.

A execución da zona verde contribúe á xeración equipamentos e espazos públicos.

8.- MOTIVO DA APLICACIÓN DO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL SIMPLIFICADO

O art. 46 da Lei 2/2016 establece o tipo de avaliación ambiental que corresponde a cada tipo de plan urbanístico. Segundo este artigo:

2. Serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada os seguintes instrumentos de plan urbanístico:

a) As modificacións menores dos instrumentos de plan mencionados no apartado anterior.

b) O plan de desenvolvemento, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.

c) Os demais plans que, establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non encaixen nos supostos do apartado anterior, tales como os plans básicos municipais.

Por tanto, a motivación deste procedemento vén derivada da aplicación da lei 2/2016 e do seu regulamento amparada nas seguintes cuestións:

- A dotación xa aparece recollida no PXOM vixente
- Trátase dun plan especial de reducido ámbito territorial.
- O PEID é plenamente compatible coas DOT.
- O PEID propón un ámbito de reducida extensión e en todo caso sen efectos negativos sobre o medio ambiente e sobre a calidade de vida e cohesión social dos habitantes de Cerdedo-Cotobade.
- A non redacción do PEID suporá a execución da dotación sen as mínimas garantías de integración na contorna.
- O PEID non incide noutros plans ou programas de igual ou inferior rango.

9.- RESUMO DOS MOTIVOS DA SELECCIÓN DAS ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS

Tal e como se indicou anteriormente expónse 3 alternativas:

- A alternativa “0” non se considera viable existe un mandato legal por parte do PXOM de execución da dotación EL-ZV-30. A improcedencia de redacción do PEID levaría aparelle a posibilidade de execución da zona verde sen as garantías de integración e coordinación que se fixan como obxectivos no presente documento.
- Como alternativa 1 propónse un deseño de dotación fragmentado, que atende ó parcelario e á vexetación existente, con actuacións de pequeno tamaño uniformemente repartidas por todo o ámbito. Dáse prevalencia ó mantemento do existente sobre a transformación do ámbito.
- Como alternativa 2 propónse un deseño moito máis compacto, con actuacións de máis relevancia pero concentradas no mesmo contorno. Esta opción motiva a perda de parte da vexetación orixinaria e da estrutura rural existente cunha actuación de maior transformación nunha zona concreta. Pola contra libera a parte restante da actuación que se poderá manter en estado natural.

Análise das alternativas con respecto ás variables contempladas no presente documento:

Posto que o programa a desenvolver resulta similar, as dúas alternativas teñen as mesmas afeccións sobre consumo de auga, verquidos, residuos sólidos urbanos, contaminación atmosférica por aumento do tráfico, contaminación lumínica, consumo de enerxía e aumento dos niveis sonoros ambientais por aumento de tráfico.

Porén a alternativa 1 ofrece valoracións máis positivas sobre as variables paisaxe e medio ambiente.

Tal e como se indicaba no apartado correspondente a calidade da paisaxe do contorno do núcleo de Cerdedo é alta. A execución da zona verde por actuacións de pequena superficie respectando a estrutura e vexetación existentes contribuirá á mellor integración da actuación e o mantemento perceptual da actual paisaxe.

Con respecto ó medio ambiente, o mantemento da actual vexetación proposto na alternativa 1, é un factor positivo para a súa valoración. Por outra banda a execución por paquetes de pequena superficie minimizará a importancia das obras a realizar diminuíndo os riscos sobre o espazo protexido co que linda.

Polo tanto a alternativa mellor valorada é a alternativa 1.

10.- MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVER, REDUCIR E CORRIXIR CALQUERA EFECTO NEGATIVO RELEVANTE NO MEDIO AMBIENTE DERIVADO DA APLICACIÓN DO PEID

Este apartado describe as medidas que se adoptarán para prever, reducir e contrarrestar calquera efecto negativo para o medio ambiente no ámbito socioeconómico derivado da aplicación do plan especial.

10.1.- Impactos previstos

Dentro dos impactos negativos máis importantes que se prevén no desenvolvemento e aplicación do Plan atópanse:

10.1.1.- Impactos derivados das obras

Trátase de impactos puntuais e que cesarán ao finalizar as obras. Son de escasa magnitude dado o reducido tamaño da obra.

10.1.2.- Impactos derivados do deseño arquitectónico

A implantación en solo rústico dunha dotación destas características xerará un impacto importante na paisaxe circundante, así como no propio espazo público xerado a partir da obra.

10.1.3.- Impactos na rede de infraestruturas:

A edificación dunha dotación destas características en solo rústico non debería estar recollida nas previsións realizadas para o dimensionamento da rede de infraestruturas. Producirase un incremento das demandas das diferentes redes urbanas, como poden ser a enerxía eléctrica, o saneamento, o abastecemento de auga ou a recollida de residuo.

10.2.- Medidas previstas

As medidas preventivas están dirixidas a corrixir os efectos negativos producidos polas accións do Plan Especial, na súa orixe, evitando –ou minimizando- a aparición dun impacto negativo sobre o medio. Por tanto, trátase do medio máis acertado para evitar a aparición de impactos negativos a consecuencia do desenvolvemento das accións previstas polo Plan Especial. Estas medidas, que se refiren fundamentalmente á fase de obras da residencia recóllense a continuación:

10.2.1.- Medidas dispostas para os impactos derivados das obras

- Non se alterará a cobertura edáfica e protexeráse ao máximo naqueles lugares onde se desenvolvan as obras.
- En calquera fase das obras nas que se empregue maquinaria pesada, evitarase a compactación do terreo, as verteduras de calquera tipo procedente das máquinas e as invasións de canles fluviais. Tamén se impedirán achegas de materiais alóctonos destinados a recheos e, en xeral, impedirase as alteracións ambientais da contorna.
- A maquinaria empregada deberá cumprir coa normativa en materia de emisións acústicas e atmosféricas.

10.2.2.- Medidas dispostas para os impactos derivados do deseño arquitectónico

- Usar materiais e acabados existentes no lugar, así como procesos e medios construtivos propios da zona.
- Reconstruírse sempre a topografía orixinal, traballando desde o punto de vista orográfico no sentido das curvas de nivel.
- Primarase a superficie axardinada sobre a pavimentada.

- No axardinamento empregaranse especies autóctonas e que requiran pouco consumo de auga no seu mantemento.

10.2.3.- Medidas dispostas para os impactos na rede de infraestruturas

As medidas establecidas en función das infraestruturas existentes son:

- A conexión viaria existente é suficiente para o acceso rodado. Deberase ter especial coidado en resolver de maneira adecuada a manobrabilidade dos vehículos de transporte e servizos.
- O abastecemento de auga potable existente considérase suficiente para o liquidar o incremento derivado da implantación do novo equipamento.
- A infraestrutura existente de rede eléctrica considérase adecuada. Polo demais, estarase no disposto coa compañía subministradora de electricidade.
- Para todas as redes, deberanse executar enlaces ós pertinentes desde a infraestrutura pública existente ata a acometida da parcela.

11.- DESCRICIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO DO PLAN

Debido a que o Plan Especial só afectará á fase de execución das obras de urbanización da residencia, as cales deberán adaptarse á normativa técnica que lle sexa de aplicación, non se considera necesarias a elaboración dun plan de seguimento.

Cerdedo-Cotobade, novembro de 2020

Polo equipo redactor

Juan A. Caridad Graña

Isidro López Yáñez

Arquitecto

Arquitecto